



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE SUMIDOIRO

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 da Lei 7/85 reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto cos artigos 15 e 19 da Lei 39/88 reguladora das Facendas Locais, o Concello de Marín establece a Taxa polo Servicio de Sumidoiro que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE (art. 20 da Lei 39/88 na nova redacción feita pola LMLGT 25/1995).

1.- Constitúe o feito imponible da taxa:

- A actividade municipal, técnica, administrativa, tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida a rede de sumidoiro municipal.
- A prestación dos servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a traveso da rede de sumidoiro municipal, e o seu tratamento para depuralas.

2.- Non estarán suxeitas a Taxa as fincas derruidas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso do sumidoiro.

Artigo 3.- SUXEITO PASIVO (art. 23 da lei 39/88)

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

- a) Cando se trate da concesión de licencia de acometida a rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servicios do número 1.b) do artigo anterior, os ocupante ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios de ditos servicios, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2.- En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario dos inmóbeis, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobor dos respectivos beneficiarios do servicio.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

Artigo 4.- RESPONSABLES (art. 23 da lei 39/88)

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da L.X.T.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, Interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 de la L.X.T.

Artigo 5.- COTA TRIBUTARIA (art. 24 da Lei LRFL 39/1988).

A cota desta taxa será a que figura no anexo de esta Ordenanza.

Artigo 6.- BONIFICACIONES

1.- Gozarán dunha bonificación do 100% da cota tributaria, ata 30 m³ ó trimestre de consumo, os suxeitos pasivos que foran declarados como susceptíbeis da mesma por ser os únicos ingresos da vivenda onde se presta o servizo os percibidos polo concepto de S.O.V.I., R.I.S.G.A. ou pensións mínimas de xubilación, viudedade, invalidez ou non contributivas; así como outras situacións da mesma índole en atención ás súas circunstancias económicas, familiares, sociais e similares.

A declaración de estar incluído en tales circunstancias corresponderá á Alcaldía a proposta motivada dos Servizos Sociais do Concello. A resolución indicará o período de validez da mesma, transcorrido o mesmo deberá solicitarse, chegado o caso, a súa renovación, e en ningún caso terá efectos retroactivos.

2.- Gozarán dunha bonificación do 100% da cota tributaria os seguintes contribuíntes:

- a) As asociacións declaradas de interese ou utilidade pública municipal que teñan como obxecto social a promoción e realización de actividades culturais.
- b) As asociacións declaradas de interese ou utilidade pública municipal dedicadas á protección, asistencia ou integración social da infancia, xuventude, terceira idade, inmigración, de persoas con discapacidade física ou psíquica, e en situación de marxinação ou exclusión social.

Para poder disfrutar desta bonificación, que terá carácter rogado, as asociacións interesadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Atoparse ao corrente na obriga de achega da documentación esixida polo Regulamento do rexistro municipal de asociacións do Concello de Marín, feito que se acreditará mediante certificado expedido pola Secretaría municipal.
- b) Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

No momento de solicitar a concesión da bonificación, a asociación interesada deberá identificar a referencia catastral do ben inmovible no que realiza as actividades propias do seu obxecto social. No caso de que non sexa propietaria deste ben, ademáis da referencia catastral, deberá achegar copia do contrato de aluguer ou do documento polo que se acredite a súa dispoñibilidade.

O cambio da ubicación no que a asociación realiza as súas actividades suporá a extinción do beneficio fiscal concedido con efectos no período impositivo seguinte á produción de tal feito. No seu caso, a asociación deberá solicitar expresamente a concesión da bonificación para o novo emprazamento.

O recoñecemento ou denegación da bonificación solicitada será competencia da Alcaldía, ou Concellería en quen delegue, sendo o prazo máximo para notificar a resolución do procedemento de dous (2) meses.

O beneficio fiscal será concedido por período indefinido, sempre que se manteñan as circunstancias esixidas para a súa concesión. A tal efecto, as asociacións beneficiarias deberán comunicar a este Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixidos para a aplicación da bonificación.

3- Disfrutarán dunha bonificación do 50% da cota aquelas fincas cuxos usuarios teñan que bombear a rede, por atoparse estas en cota inferior a do colector.

4.- Fóra dos supostos enunciados no número anterior, non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

5.- As bonificacións solicitadas con posterioridade ao devengo da taxa, no caso de ser concedidas, producirán efectos no período impositivo seguinte.

Artigo 7.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.- O período impositivo coincidirá co trimestre natural.

2.- A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos nos que inicie a a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo, entendéndose iniciada:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formula expresamente.
- b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiro municipal. O devengo producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da incoación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e a súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista sumidoiro, sempre que a distancia entre a rede e a



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectua-la acometida a rede.

Artigo 8.- LIQUIDACION E INGRESO.

1.- Cando se presente a solicitude de licencia de acometida liquidarase e esixirase a Taxa correspondente en calidade de depósito previo. As cotas a liquidar serán as correspondentes o trimestre.

2.- Si se realiza a acometida sen mediar solicitude procederase a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.- Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta Taxa acomodarse o procedemento previsto para ós valores en recibo (padrón, censo, matrícula, etc.).

4- Cando a taxa se exaccione por padrón esixirase no período sinalado na tarifa ou, no seu caso, no que acorde o Alcalde ou Comisión de Goberno e o ingreso farase efectivo no prazo previsto no artigo 20 do R.X.R. para os valores en recibo.

5- Os ingresos efectuaranse na Tesourería Municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente.

Artigo 9.- INFRACCIONS E SANCIONS

Nesta materia estarase ó disposto no artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria .

XESTION

Artigo 10.- NORMAS DE XESTIÓN

1- As baixas, modificacións e cambios de titularidade, deberán acreditarse mediante solicitude presentada no modelo preparado o efecto, acompañada da documentación que fundamente o cambio, bastando para a súa tramitación o Visto Bo do Departamento de Xestión. Estas modificacións terán carácter provisional ata a súa verificación.

2- Nos casos de baixa ou cambio de titularidade o contribuínte aboará as cotas íntegras do trimestre actual, facturándose o sumidoiro de acordo co consumo de auga segundo a lectura do contador na data da solicitude (e dicir na data na que se produza a baixa ou o cambio de titularidade).

Artigo 11.- ALTAS.

1- Os obrigados ó pago formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da taxa e surtirá efectos no mesmo momento de presentarse a declaración.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

2- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita.

3- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.

4- A solicitude de alta no subministro de auga, conleva tamén a alta nos servizos de sumidoiro e lixo.

5- As vivendas unifamiliares e comunitarias aínda que non estean totalmente habilitados para o seu uso estarán suxeitas o pago das taxas a partir dos 3 anos a contar dende a data da licenzia de obra.

Artigo 12.- BAIAS

1.- Cando remate o aproveitamento os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte o da presentación da mesma.

2.- A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

3- Cando se produza un cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

4- As declaracións de baixa anotaranse no censo ou padrón da taxa co Visto Bo do Departamento de Xestión e terán carácter provisional ata a súa verificación.

Artigo 13.-CAMBIO DE TITULARIDADE-MODIFICACION

Estarase o disposto no artigo 10 sobre normas de xestión desta Ordenanza.

Artigo 14.- DEVOLUCION DE INGRESOS INDEBIDOS

Para a devolución de ingresos, deberá solicitarse polo interesado acompañando a súa solicitude o recibo/liquidación orixinal e facendo constar un número de conta bancaria para poder face-lo ingreso do importe da devolución. Requisito imprescindible e que o titular do recibo/liquidación debe coincidir co nome do titular da conta.

Procede a devolución do depósito previo do apartado 1 artigo 8 desta Ordenanza, cando a administración denegue o dereito de acometida.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

Artigo 15.- APROBACION DE MATRICULAS-PADRONES

- 1- As matriculas-padróns elaboraranse polo Departamento de Xestión correspondendo á Intervención de Fondos a súa fiscalización e toma de razón.
- 2- A aprobación das matriculas-padróns é competencia da Alcaldía.

Artigo 16.- EXPOSICION PUBLICA

- 1- Aprobado a matrícula-padrón, anunciarase a súa exposición pública e período de cobro no Boletín Oficial da Provincia e no periódico de maior difusión da provincia e anunciarase no taboleiro de edictos do Concello. salvo que fose publicado con antelación o calendario fiscal para todo o exercicio, salvo que fose publicado con antelación o calendario fiscal para todo o exercicio.
- 2- Os Padróns fiscais que conteñen as cotas a pagar e os elementos tributarios determinantes das mesmas, expóñense ó público nas Oficinas Municipais quince días antes de iniciarse os preceptivos períodos de cobro e por espazo dun mes.
- 3- Contra a exposición pública dos Padróns, e das liquidacións nos mesmos incorporadas, poderase interpoñer Recurso de Reposición, previo ó Contencioso-Administrativo, no prazo dun mes a contar dende a data de finalización do período de exposición pública do Padrón.

Artigo 17.- RECADACION

A recadación desta taxa realizarase de acordo co presente artigo, de conformidade co seguinte:

- a) Dos ingresos directos-liquidacións. Na oficina de Recadación no momento de presentar a solicitude, tendo a consideración de depósito previo.
- b) De vencemento periódico. Cando a taxa se exaccione por padrón esixirase no período que acorde o Alcalde ou a Comisión de Goberno.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As modificacións producidas por Lei de Orzamentos Xerais do Estado u outra norma de rango legal que afecte a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o primeiro día do trimestre natural seguinte á data de entrada en vigor, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. No caso de modificación parcial, os artigos non modificados continuarán vixentes.



ANEXO

a) Tarifas.

	TRIMESTRE
1.- Prestación do servizo:	
1.1.- Cota abonados sen servizo de auga	6,60 €
1.2.- Cota abonados con servizo de auga	
a) Cota fixa	3,30 €
b) Por m ³ vertido según consumo	0,10 €
2.- Dereitos de conexión e acometida	
2.1.- Se pagou contribucións especiais	
a) Cada vivenda	25,00 €
b) Cada local	50,00 €
2.2.- Se non pagou contribucións especiais	325,00 €

b) Normas de Aplicación.

1.- Estarán exentas as edificacións cuxo uso exclusivo sexa para o gardado de animais, así como os galpóns ou alpendres destinados o gardado de utensilios, tamén aquelas edificación anexas ou vinculadas a vivenda (garaxes, trasteiros ou similares), salvo que soliciten o subministro de auga.

2.- Estarán exentos do pago polo servizo de sumidoiro os quioscos, aínda que se mantén a obriga por parte de estes de manter limpo o entorno, salvo que soliciten a alta no servizo de auga.

3.- Os baixos sen actividade comercial non pagarán polo servizo de sumidoiro, aínda que se adiquen a garaxes particulares.

4.- As construcións adicadas a actividades mercantís de carácter temporal estarán exentas do pago de sumidoiro, salvo que sexan alta no subministro de auga, en cuxo caso aboarán as taxas por ingreso directo, e por todo o período no que se desenvolva a actividade.



1. - APROBACIÓN DEFINITIVA:

- BOP nº 249 do 29 de decembro de 2003.

2. - MODIFICACIÓNS:

- BOP nº 250 do 30 de decembro de 2004.
 - BOP nº 250 do 30 de decembro de 2011.
 - BOP nº 144 do 29 de xullo de 2016 (corrección de erros BOP nº 153 do 11 de agosto de 2016).
-